

**Follas do Cineclub | 30/03/2016**

04

*A viaxe a través do imposible*  
(Le Voyage à travers l'impossible,  
Georges Méliès,  
Francia, 1904, 20')

*O hotel eléctrico*  
(El hotel eléctrico,  
Segundo de Chomón,  
España-Francia, 1908, 7')

*Piratas de 1920*  
(Pirates of 1920,  
David Aylott / A.E. Coleby,  
Reino Unido, 1911, 17')

*O home mecánico*  
(L'uomo meccanico,  
André Deed,  
Italia, 1921, 26')

**Musicada en directo por  
Lois Carlin**

## CONTOS ABRAIANTES (AMAZING STORIES)

Editorial de Hugo Gernsback, Vol. I, nº 1, abril de 1926

OUTRA revista de ficción!

Nun primeiro momento, semella imposible que poida haber espazo neste país para outra revista de ficción. O lector ben pode preguntarse «E que non son xa abondo, non chega cos centos que están a ser publicados?». Certo. Pero esta non é «outra revista de ficción». CONTOS ABRAIANTES (AMAZING STORIES) é un novo tipo de revista de ficción! É completamente nova -completamente diferente- algo que nunca se fixera antes neste país. Polo tanto, CONTOS ABRAIANTES merece toda a túa atención e interese.

Está a típica revista de ficción, a revista tipo historia de amor ou de atracción sexual, a tipo de aventuras e así, pero unha revista de «Cientificción» («Scientifiction») é pioneira no seu campo en América.

Por «cientificción» refírome a contos do tipo de Jules Verne, H. G. Wells ou Edgar Allan Poe -unha encantadora aventura entretecida con datos científicos e visións proféticas. Durante moitos anos os contos deste tipo publicáronse nas revistas irmáns de CONTOS ABRAIANTES - «CIENCIA E INVENCIÓN» e «NOVAS DA RADIO».

Pero coa sempre crecente demanda de aínda máis contos deste tipo sobre nós, só había unha cousa que facer -publicar unha revista na cal se sostivese o discurso exclusivamente con ficcións de tipo científico. Cara ese obxectivo fixemos planos elaborados, sen aforrar tempo nin cartos.

Edgar Allan Poe be pode ser chamado o pai da «cientificción». Foi el que realmente deu orixe a este tipo de narración, entretecendo intelixentemente dentro e arredor da historia un fío científico. Jules Verne, nas súas asombrosas aventuras, tamén entretecidas cunha temática científica, viñeron despois. Máis tarde chegou H. G. Wells, cuxas historias científicas, como aquelas sobre precursores, fixéronse famosas e inmortais.

Debe lembrarse que vivimos nun mundo enteiramente novo. Hai douscentos anos, historias deste tipo non eran posibles. A ciencia, a través das súas varias ramas de mecánica, electricidade, astronomía, etc... entran hoxe nas nosas vidas de xeito tan íntimo, e estamos tan inmersos nesa ciencia que nos volvemos propensos a dar por feitos os novos inventos e descubrimentos. Todo o noso modo de vida cambiou co actual progreso, e polo tanto non é en van que moitas situacións fantásticas, imposibles hai 100 anos, sexan hoxe tratadas. É nestas situacións nas que os novos escritores atopan a súa grande inspiración.

Estes relatos asombrosos non só dan lecturas tremendamente interesantes - tamén resultan sempre instrutivos. Subministran un coñecemento que pode que non obteñamos doutro xeito - e o fan dunha maneira moi apetitosa. E é que os mellores destes escritores modernos de científicción teñen unha habilidade para impartir coñecemento, e incluso inspiración, sen que sexamos sequer conscientes de que están a aprendernos algo.

E non só iso! Poe, Verne, Wells, Bellamy e moitos outros resultaron ser auténticos profetas. As profecías que se fixeron en moitos dos seus contos asombrosos están a volverse realidade - ou fixéronse xa realidade. Collede o submarino fantástico da historia máis famosa de Jules Verne «Vinte mil leguas de viaxe submarina» por exemplo. Predicía o actual submarino practicamente ata o último parafuso! Os novos inventos que se nos presentan nas científiccións de hoxe non son tan imposibles de realizar mañá. Moitas grandes historias de ciencia ficción destinadas a ter interese histórico aínda están por escribir, e a revista CONTOS ASOMBROSOS será o medio a través do cal esas historias chegaranche a ti. A posteridade mirará para elas coma fachos que iluminaron novos camiños, non só na literatura ou na ficción, senón tamén no progreso.

Nós, os que publicamos CONTOS ABRAIANTES, dámonos conta da grande responsabilidade deste compromiso, e non aforraremos forzas en presentarvos, cada mes, o mellor que este tipo de literatura ten que ofrecer.

# SESIÓN DE CURTAMETRAXES MUDAS DE CIENCIA FICCIÓN

Fixéronse xa acordos exclusivos cos propietarios dos dereitos de edición de TODA a voluminosa obra de historias inmortais de Jules Verne. Moitas destas aínda non son coñecidas pola meirande parte do público norteamericano. Por primeira vez serán de fácil acceso para todos os lectores a través de CONTOS ABRAIANTES. Un certo número de historias alemáns, francesas e inglesas deste tipo relatadas polos mellores escritores dos seus respectivos países foron xa contratadas e agardamos que pronto poidamos facer unha revista máis longa para así poder presentar máis material aos nosos lectores.

Como de boa será esta revista no futuro depende de vós. Lede CONTOS ABRAIANTES - facede que os vosos amigos a lean e nos escriban despois o que pensan dela. As críticas construtivas serán ben recibidas, xa que esa é a única maneira en que saberemos como satisfacervos.

## CONTOS ASOMBROSOS (ASTOUNDING STORIES)

Editorial de Harry Bates, Vol. I, nº 1, xaneiro de 1930

Que son os contos «asombrosos»?

Ben, se vivises en Europa en 1490 e alguén che dixese que a terra é redonda e móvese arredor do sol... iso sería unha historia asombrosa.

Ou, se vivises en 1840 e che dixesen que algún día persoas que estivesen separadas por milleiros de quilómetros fosen quen de falar entre eles a través dun pequeno cable -ou sen cable ningún- iso sería outra.

Ou se, no 1900, predicían aeroplanos e submarinos capaces de cruzar o océano, cepelíns que rodeasen a terra, edificios de sesenta pisos, a radio, metais capaces de resistir a gravidade e flotar no aire... esas terían sido outras historias asombrosas.

Hoxe, co paso do tempo, todas estas cousas son normais e correntes. Esa é a única diferenza real entre o asombroso e o normal e corrente. O tempo.

O día de mañá sucederán máis cousas asombrosas. Os teus fillos -ou os seus fillos- farán unha viaxe á lúa. Serán capaces de volverse a si mesmos invisibles, un problema que xa foi parcialmente resolto. Serán capaces de des-

integrar os seus corpos en Nova York e reintegralos en China, e en cuestións de segundos.

Asombroso? De feito, si.

Imposible? Ben, a televisión tería sido imposible, practicamente impensable, hai só dez anos.

Agora verás o tipo de revista que temos o pracer de ofrecerte comezando con este primeiro número de CONTOS ASOMBROSOS.

É unha revista cuxos contos anticiparán os logros supercientíficos do mañá, cuxas historias non só serán estritamente rigorosas no súa compoñente científica, senón que serán contadas de maneira vistosa, dramática e emocionante.

Xa temos aseguradas historias dos mellores escritores de fantasía do mundo; xente como Ray Cummings, Murray Leinster, Captain S. P. Meek, Harl Vincent, R. F. Starzl e Victor Rousseau.

Así que, pide a túa copia do número do vindeiro mes de CONTOS ASOMBROSOS por adiantado!

## CINECLUBE DE COMPOSTELA

### ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)  
① cineclubedecompostela.blogaliza.org  
facebook.com/cineclubedecompostela  
@cineclubedecompostela@gmail.com

### PROYECCIONES

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela)  
Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

MAR  
2016

### Mércores 2

*Viven*  
(They Live, John Carpenter, EUA, 1988, 94', VOSG)

### Mércores 9

*O home que caeu á terra*  
(The Man Who Fell To Earth, Nicolas Roeg, Reino Unido, 1976, 139', VOSG)

### Mércores 16

*Cinco*  
(Five, Arch Oboler, EUA, 1951, 93', VOSG)

### Mércores 30

**Sesión de curtametraxes mudas de ciencia ficción**

*A viaxe a través do imposible*  
(Le Voyage à travers l'impossible, Georges Méliès, Francia, 1904, 20')

*O hotel eléctrico*  
(El hotel eléctrico, Segundo de Chomón, España-Francia, 1908, 7')

*Piratas de 1920*  
(Pirates of 1920, David Aylott / A.E. Coleby, Reino Unido, 1911, 17')

*O home mecánico*  
(L'uomo meccanico, André Deed, Italia, 1921, 26')

**Musicada en directo por Lois Carlin**